

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------|------------------------|---------------|
| 15016000 | Compostela | Santiago de Compostela | 2018/2019 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--|---------------------------|--------------------|------------------------------------|-------------------|
| SSC | Servizos socioculturais e á comunidade | CSSSC01 | Educación infantil | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0016 | Desenvolvemento socioafectivo | 2018/2019 | 4 | 123 | 123 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|-----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ANA MARÍA NEIRA BEADE |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Acudimos o Decreto 226/2008 (polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil) para realizar esta análise.

Enmarcamos esta análise apuntando que o Decreto indica que os/as técnicos/as en Educación Infantil exercerán a súa actividade tanto no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

Pero débese destacar especialmente a propia prospectiva do título que o devandito Decreto inclúe, e ó respecto apuntamos:

1.-O perfil profesional deste título evoluciona cara a unha maior capacidade de adaptación a diferentes ámbitos e a un aumento das funcións relacionadas coa coordinación e a mediación con familias, debido a que a normativa de conciliación da vida familiar e laboral irá producindo unha diversidade de servizos complementarios de lecer e tempo libre dirixidos a nenos e nenas destas idades. Neste senso, esperamos que a actual situación económica non impida seguir avanzando na aplicación de dita normativa para que a incorporación dos titulados en Educación Infantil poda materializarse cuantitativa e cualitativamente. Ademáis, cabe sinalar que, de xeito xeral, os servizos de coordinación e mediación con familias en funcionamento, non teñen en conta significativamente o que os técnicos en Educación Infantil poden aportar ós mesmos.

2. A crecente demanda dunha maior calidade do servizo ha provocar un descenso no número de alumnos e alumnas por aula, xunto coa xeneralización progresiva de dous membros do profesorado impartindo docencia conxunta, o que, en consecuencia, vai supor un aumento no número de postos de traballo para tales profesionais.

Nos anos 2008 e 2009 coa creación da Rede galega de escolas infantis ("Galescolas") -hoxe Rede de escolas infantis de Galicia "A Galiña Azul"- que apostou pola defensa da parella educativa na súa organización, viviuse un certo impulso á incorporación de técnicos titulados á educación formal. Esta aposta, que incluso parecía podía contaxiarse a outras tipoloxías de escolas infantis, non se estendeu pola case paralización de novas escolas á Rede.

3. As destrezas e os coñecementos relacionados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicables á infancia han ter un peso cada vez maior, o que lle esixe a quen exerza esta profesión unha actualización permanente das súas capacidades.

4. A implantación progresiva de sistemas e procesos de calidade que garantan a eficacia e a mellora dos servizos vaille esixir tamén maiores capacidades relacionadas coa elaboración, o seguimento e o cumprimento de protocolos nos ámbitos educativo e social.

Respecto á estes dous últimos puntos, podemos apuntar que os técnicos de Educación Infantil non alcanzaron realmente visibilidade neses ámbitos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|--|--------------------|----------|
| 1 | A afectividade na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | Nesta UD analizaremos os fitos no desenvolvemento afectivo , así como os principais conflitos que poden xurdir. Destacaremos o estudo dos estados afectivos básicos, o apego e a influencia dos axentes educadores na afectividade. Tamén veremos a planificación e (auto) avaliación do período de adaptación e de estratexias favorecedoras do desenvolvemento afectivo; así como o papel do persoal educador neste ámbito. | 30 | 17 |
| 2 | A socialización na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | Analizaremos os fitos no desenvolvemento social , así como os principais conflitos que poden xurdir. Destacaremos o estudo dos estados afectivos básicos, o apego e a influencia dos axentes educadores na afectividade. Tamén veremos a planificación e (auto)- avaliación do período de adaptación e de estratexias favorecedoras do desenvolvemento afectivo; así como o papel do persoal educador neste ámbito. | 29 | 17 |
| 3 | Os valores na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | Abordaremos as características e a evolución da moralidade na primeira infancia, así como as concepcións teóricas neste ámbito. Destacaremos a importancia e valor das normas e regras, e analizaremos e faranse propostas para o desenvolvemento moral dos cativos e cativas, incluíndo a avaliación do ámbito. | 19 | 17 |
| 4 | A sexualidade na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | Nesta UD analizaremos as características sexuais dos cativos e cativas e as teorías ó respecto. Co estudo dos estereotipos sexuais, abordaremos a coeducación e a igualdade de sexos. Debemos destacar tamén as propostas de estratexias e actividades para un desenvolvemento sexual axeitado | 22 | 17 |
| 5 | Programación de estratexias nos trastornos de conducta nos conflitos máis frecuentes. | Realizaremos un repaso sintético dos principais trastornos de conducta e conflitos na primeira infancia, destacando a labor preventiva desde a escola infantil e de detección. Abordaremos a necesidade dun diagnóstico por parte doutros profesionais e da concreción de medidas abordadas de xeito multiprofesional e a contribución e papel do persoal educador/a nesa concreción. | 16 | 17 |
| 6 | A Avaliación de intervencións no ámbito socioafectivo. | A xustificación desta UD ven dada pola pertinencia de analizar, elaborar e procesar integral e globalmente instrumentos e informes de avaliación no ámbito socioafectivo, tendo en conta os fitos nos aspectos socioafectivos, morais e sexuais dos cativos e cativas. Trátase, polo tanto, dunha UD que se vincula de xeito transversal coas UD previas, posto que nesta UD o alumnado precisará ter en conta e sintetizar os rasgos evolutivos do ámbito socioafectivo máis salientables para o tratamento avaliativo. | 7 | 15 |



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | A afectividade na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | 30 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento afectivo dos cativos e das cativas analizando as teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan. | SI |
| RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Identifícanse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas. |
| CA1.2 Descríbense as principais características da afectividade infantil, así como a súa evolución e os trastornos máis frecuentes. |
| CA1.3 Valorouse a importancia do apego no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas. |
| CA1.4 Identifícanse e consideráronse as variables relevantes para o deseño da intervención. |
| CA1.5 Formuláronse obxectivos pertinentes ás características evolutivas dos cativos e das cativas. |
| CA1.6 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e as características dos pequenos e das pequenas. |
| CA1.7 Descríbense estratexias axeitadas para organizar o período de adaptación. |
| CA1.8 Propuxéronse actividades favorecedoras do desenvolvemento da identidade persoal e dunha autoimaxe positiva. |
| CA1.9 Valorouse a importancia das persoas adultas e dos proxenitores na construción dunha identidade persoal axustada. |
| CA1.10 Valorouse a importancia da afectividade no desenvolvemento integral do suxeito. |
| CA1.11 Amosouse unha actitude responsable, de colaboración e respecto ao grupo e á profesora. |
| CA6.1 Descríbense as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. |
| CA6.2 Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva. |
| CA6.3 Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas. |
| CA6.4 Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas. |
| CA6.5 Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas. |
| CA6.6 Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas. |
| CA6.7 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo. |



| Crterios de avaliación |
|---|
| CA6.8 Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza. |
| CA6.9 Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención. |
| CA6.10 Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Importancia dos procesos socioafectivos no desenvolvemento da personalidade infantil. 0Realización das tarefas propostas con responsabilidade e actitude respectuosa e colaborativa Concepcións sobre o desenvolvemento infantil: teorías explicativas. Principais características da afectividade infantil. Estados afectivos: emocións e sentimentos. Análise das características e da evolución da afectividade infantil. Primeiras manifestacións afectivas: sorriso, estadio do espello e angustia de separación. Formación do apego. Identificación dos principais conflitos relacionados coa afectividade infantil. Valoración do papel da escola e da persoa educadora no desenvolvemento afectivo. Planificación do período de adaptación, tendo en conta o desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas. Deseño de estratexias educativas que favorezan o desenvolvemento afectivo. Papel do persoal educador no desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. Relación da persoa educadora cos cativos e as cativas. Análise de estratexias para favorecer un clima de afecto e confianza. Identificación das actitudes e das habilidades sociais que debe posuír o persoal educador na súa relación cos nenos e coas nenas. Toma de conciencia do papel da persoa educadora como modelo de imitación e moldeamento da conduta. |



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | A socialización na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | 29 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento social dos pequenos e das pequenas en relación cos factores influentes e as características individuais e do grupo a que se dirixan. | SI |
| RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Identifícanse as teorías acerca do desenvolvemento social dos cativos e das cativas. |
| CA2.2 Identifícanse e describíronse as funcións dos axentes sociais que interveñen no desenvolvemento social. |
| CA2.3 Describíronse as principais pautas evolutivas no desenvolvemento social: afectividade, evolución, apego e trastornos. |
| CA2.4 Identifícanse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención. |
| CA2.5 Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos nenos e das nenas no ámbito social. |
| CA2.6 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características dos cativos e das cativas. |
| CA2.7 Propuxéronse actividades e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais nos cativos e nas cativas. |
| CA2.8 Propuxéronse actividades favorecedoras da observación e da exploración do contorno social. |
| CA2.9 Valorouse o papel da escola na socialización dos nenos e das nenas. |
| 0CA2.10 Amosouse unha actitude de colaboración e respecto ao grupo e á profesora. |
| CA6.1 Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. |
| CA6.2 Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva. |
| CA6.3 Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas. |
| CA6.4 Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas. |
| CA6.5 Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas. |
| CA6.6 Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas. |
| CA6.7 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo. |
| CA6.8 Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza. |
| CA6.9 Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención. |



Criterios de avaliación

CA6.10 Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista.

4.2.e) Contidos

Contidos

Teorías explicativas.

Socialización: proceso e axentes.

Análise da evolución da sociabilidade na infancia.

Identificación dos principais conflitos relacionados co desenvolvemento social.

Valoración do papel da escola das persoas educadoras no desenvolvemento social.

Deseño de actividades e estratexias para o desenvolvemento social.

Valoración da importancia da educación incidental.

Manifestación dunha actitude de colaboración no traballo.

Papel do persoal educador no desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.

Relación da persoa educadora cos cativos e as cativas.

Análise de estratexias para favorecer un clima de afecto e confianza.

Identificación das actitudes e das habilidades sociais que debe posuír o persoal educador na súa relación cos nenos e coas nenas.

Toma de conciencia do papel da persoa educadora como modelo de imitación e moldeamento da conduta.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Os valores na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | 19 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento en valores dos cativos e das cativas, en relación coas teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan. | SI |
| RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Identifícanse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento en valores dos pequenos e das pequenas. |
| CA3.2 Descríbense as características e a evolución da moralidade infantil. |
| CA3.3 Identifícanse e considéranse as variables sociais salientables para o deseño da intervención. |
| CA3.4 Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas. |
| CA3.5 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características evolutivas dos cativos e das cativas. |
| CA3.6 Propuxéronse programas e actividades de educación en valores favorecedoras do desenvolvemento integral. |
| CA3.7 Valorouse a actitude das persoas adultas na interiorización de valores e normas nos nenos e nas nenas de cero a seis anos. |
| CA3.8 Amosouse unha actitude responsable, de colaboración e respecto ao grupo e á profesora. |
| CA6.1 Descríbense as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. |
| CA6.2 Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva. |
| CA6.3 Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas. |
| CA6.4 Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas. |
| CA6.5 Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas. |
| CA6.6 Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas. |
| CA6.7 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo. |
| CA6.8 Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza. |
| CA6.9 Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención. |
| CA6.10 Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista. |

4.3.e) Contidos



Contidos

Desenvolvemento moral: teorías explicativas.

Análise das características e da evolución da moralidade infantil.

Valor das regras e das normas no desenvolvemento da moralidade infantil.

Deseño de programas, actividades e estratexias para a educación en valores.

Valoración da importancia dunha formación adecuada do xuízo moral.

Manifestación dunha actitude de colaboración no traballo.

Papel do persoal educador no desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.

Relación da persoa educadora cos cativos e as cativas.

Análise de estratexias para favorecer un clima de afecto e confianza.

Identificación das actitudes e das habilidades sociais que debe posuír o persoal educador na súa relación cos nenos e coas nenas.

Toma de conciencia do papel da persoa educadora como modelo de imitación e moldeamento da conduta.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | A sexualidade na primeira infancia: desenvolvemento, planificación e intervención. | 22 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas, analizando as características evolutivas da sexualidade infantil e a influencia dos estereotipos sociais. | SI |
| RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Identifícanse as concepcións acerca do desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas. |
| CA4.2 Identifícanse e describíronse os factores que inflúen na adquisición da identidade sexual. |
| CA4.3 Describíronse as principais características da sexualidade infantil. |
| CA4.4 Valorouse o papel dos estereotipos na construción da identidade sexual e formuláronse obxectivos adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas. |
| CA4.5 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias favorecedoras do desenvolvemento dunha identidade sexual. |
| CA4.6 Identifícanse e describíronse os elementos contextuais, persoais e organizativos que favorezan ou dificulten unha práctica pedagóxica non sexista. |
| CA4.7 Establecéronse estratexias e mecanismos para a detección de elementos que dificultan a igualdade dos sexos. |
| CA4.8 Describíronse programas, actividades e estratexias de actuación promotoras de igualdade. |
| CA4.9 Seleccionáronse recursos didácticos non sexistas para a intervención. |
| CA4.10 Valorouse a necesidade de analizar as propias actitudes e os comportamentos relacionados coa igualdade de sexos. |
| CA4.11 Amosouse unha actitude responsable, de colaboración e respecto ao grupo e á profesora. |
| CA6.1 Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. |
| CA6.2 Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva. |
| CA6.3 Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas. |
| CA6.4 Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas. |
| CA6.5 Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas. |
| CA6.6 Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas. |
| CA6.7 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo. |
| CA6.8 Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza. |



| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.9 Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención. |
| CA6.10 Aplícanse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Desenvolvemento sexual: teorías explicativas. |
| Diferenzas entre sexualidade infantil e adulta. |
| Análise do desenvolvemento sexual na infancia. Curiosidade sexual. Estereotipos sexuais. |
| Identificación dos principais conflitos relacionados co desenvolvemento sexual. |
| Deseño de programas, actividades e estratexias para a educación sexual e a promoción da igualdade. |
| Coeducación: obxectivos. Actitude do persoal educador. |
| Normativa legal en materia de igualdade de sexos. |
| Valoración da influencia dos estereotipos no desenvolvemento sexual. |
| Manifestación dunha actitude de colaboración no traballo. |
| Papel do persoal educador no desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. |
| Relación da persoa educadora cos cativos e as cativas. |
| Análise de estratexias para favorecer un clima de afecto e confianza. |
| Identificación das actitudes e das habilidades sociais que debe posuír o persoal educador na súa relación cos nenos e coas nenas. |
| Toma de conciencia do papel da persoa educadora como modelo de imitación e moldeamento da conduta. |



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 5 | Programación de estratexias nos trastornos de conduta nos conflitos máis frecuentes. | 16 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA5 - Programa estratexias de intervención nos trastornos habituais de conduta e os conflitos nas relacións infantís, e analiza as teorías e as técnicas propostas. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Descríbense as principais teorías e técnicas de intervención ante os trastornos habituais de conduta. |
| CA5.2 Identifícanse os trastornos de conduta e os conflitos nas relacións interpersoais máis frecuentes na infancia. |
| CA5.3 Establecéronse e describíronse as fases do programa de intervención. |
| CA5.4 Valorouse a importancia do diagnóstico na programación da intervención. |
| CA5.5 Establecéronse as estratexias e os instrumentos para identificar as causas dos trastornos de conduta ou de relación. |
| CA5.6 Identifícanse as técnicas de intervención máis acaídas para cada situación. |
| CA5.7 Descríbense estratexias de mediación que propicien o consenso na infancia. |
| CA5.8 Descríbense os instrumentos máis adecuados para o seguimento da intervención. |
| CA5.9 Descríbense as pautas de actuación correcta por parte do educador ou da educadora ante os problemas de conduta e os conflitos nas relacións infantís. |
| CA5.10 Valoráronse as limitacións dos pequenos e das pequenas para modular e controlar a conduta. |
| CA5.11 Amosouse unha actitude responsable, de colaboración e respecto ao grupo e á profesora. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Identificación dos principais problemas de conduta na infancia e das súas causas. |
| Análise das técnicas e dos instrumentos para a avaliación e o seguimento dos problemas de conduta habituais na infancia. |
| Deseño de programas e estratexias para a intervención en problemas habituais de conduta. |
| Análise de estratexias para a prevención e a resolución pacífica dos conflitos na aula. |
| Valoración do conflito como medio para a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades interpersoais nos cativos e nas cativas, e como xeito de expresión do malestar psíquico. |
| Manifestación dunha actitude de colaboración no traballo. |



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | A Avaliación de intervencións no ámbito socioafectivo. | 7 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA7 - Avalía a intervención realizada no ámbito socioafectivo e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA7.1 Identifícanse os indicadores de avaliación máis pertinentes no ámbito socioafectivo. |
| CA7.2 Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información sobre a situación socioafectiva do cativo ou da cativa. |
| CA7.3 Xustificouse a importancia da avaliación inicial. |
| CA7.4 Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación. |
| CA7.5 Valorouse a importancia da obxectividade na obtención e no rexistro da información. |
| CA7.6 Interpretouse correctamente a información recollida dos procesos de avaliación. |
| CA7.7 Identifícanse as situacións que requiran a participación doutro persoal profesional e as pautas de actuación. |
| CA7.8 Elaboráronse informes coherentes coa información para transmitir e coa persoa que a vaia recibir. |
| CA7.9 Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada. |
| CA7.10 Valorouse a importancia da avaliación para corrixir as desviacións e mellorar a intervención. |
| CA7.11 Manifestouse unha actitude respectuosa e responsable ante as tarefas propostas |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Avaliación no ámbito socioafectivo. |
| Análise das variables persoais e contextuais salientables para a avaliación no ámbito socioafectivo. |
| Elaboración de instrumentos para a recollida de información sobre o desenvolvemento afectivo, social, moral e sexual dos pequenos e das pequenas. |
| Elaboración de instrumentos para a avaliación da intervención. |
| Elaboración de informes de avaliación. |
| Valoración da importancia da avaliación no contexto da intervención no ámbito socioafectivo. |
| Realización das tarefas propostas con responsabilidade e actitude respectuosa e colaborativa |



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo de Desenvolvemento Socioafectivo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe, que aparecen nesta programación, dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Os mínimos esixibles son os recollidos na programación de cada unidade didáctica e están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no currículo do ciclo

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento da avaliación ordinaria do módulo.

Os mínimos para este módulo son:

Unidade Didáctica 1:

- Identifícanse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas.
- Descríbense as principais características da afectividade infantil, así como a súa evolución e os trastornos máis frecuentes.
- Formuláronse obxectivos pertinentes ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
- Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e as características dos pequenos e das pequenas.
- Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas.
- Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas.
- Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Unidade Didáctica 2:

- Identifícanse as teorías acerca do desenvolvemento social dos cativos e das cativas.
- Identifícanse e describíronse as funcións dos axentes sociais que interveñen no desenvolvemento social.
- Descríbense as principais pautas evolutivas no desenvolvemento social: afectividade, evolución, apego e trastornos.
- Identifícanse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención.
- Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos nenos e das nenas no ámbito social.
- Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características dos cativos e das cativas.
- Propuxéronse actividades favorecedoras da observación e da exploración do contorno social.
- Propuxéronse actividades e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais nos cativos e nas cativas.
- Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva.
- Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.



Unidade Didáctica 3:

- Identifícanse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento en valores dos pequenos e das pequenas.
- Describíronse as características e a evolución da moralidade infantil.
- Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
- Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características evolutivas dos cativos e das cativas.
- Propuxéronse programas e actividades de educación en valores favorecedoras do desenvolvemento integral.
- Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva.
- Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Unidade Didáctica 4:

- Identifícanse as concepcións acerca do desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas.
- Identifícanse e describíronse os factores que inflúen na adquisición da identidade sexual.
- Describíronse as principais características da sexualidade infantil.
- Valorouse o papel dos estereotipos na construción da identidade sexual e formuláronse obxectivos adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
- Propuxéronse actividades, recursos e estratexias favorecedoras do desenvolvemento dunha identidade sexual.
- Establecéronse estratexias e mecanismos para a detección de elementos que dificultan a igualdade dos sexos.
- Describíronse programas, actividades e estratexias de actuación promotoras de igualdade.
- Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.
- Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva.
- Identifícanse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Unidade Didáctica 5:

- Describíronse as principais teorías e técnicas de intervención ante os trastornos habituais de conduta.
- Identifícanse os trastornos de conduta e os conflitos nas relacións interpersoais máis frecuentes na infancia.
- Establecéronse as estratexias e os instrumentos para identificar as causas dos trastornos de conduta ou de relación.
- Identifícanse as técnicas de intervención máis acaídas para cada situación.
- Establecéronse e describíronse as fases do programa de intervención.
- Describíronse as pautas de actuación correcta por parte do educador ou da educadora ante os problemas de conduta e os conflitos nas relacións infantís.
- Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.



actividades do módulo.

- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Unidade Didáctica 6:

- Identificáronse os indicadores de avaliación máis pertinentes no ámbito socioafectivo.
- Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información sobre a situación socioafectiva do cativo ou da cativa.
- Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
- Interpretouse correctamente a información recollida dos procesos de avaliación.
- Elaboráronse informes coherentes coa información para transmitir e coa persoa que a vaia recibir.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

Os criterios de avaliación incluídos nos propios resultados de aprendizaxe figuran en cada unidade didáctica, e asemade tomando como referencia as actividades de ensino e aprendizaxe, guiarase ao alumno ou alumna no xeito máis idóneo para que poidan saber como deben evidenciar os seus coñecementos, destrezas e actitudes para acadar a avaliación positiva.

Ademais, avaliarase a forma de proceder e a actitude do alumno ou alumna en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O/a alumno/a será informado dos criterios de avaliación que serán aplicados, así como do nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva, sendo estes un claro referente para a súa avaliación e constituíndo unha guía para o alumnado en cada unidade didáctica. Tamén será informado dende o comezo do curso do contido desta programación e de todo o referente ó proceso de ensinanza-aprendizaxe. As actividades de avaliación poderán ser elixidas entre as previstas como actividades de ensino e aprendizaxe para cada unidade didáctica ou ser de nova proposición por parte do docente, dándose indicacións precisas sobre aquelas que deba realizar, constituíndo o marco guía para a propia avaliación do alumno ou da alumna.

A planificación da avaliación tanto de unidades didácticas como do módulo no seu conxunto ten como fin comparar os resultados dos alumnos e alumnas cos criterios de avaliación de cada unidade e cos resultados de aprendizaxe do módulo, como un referente obrigado.

Ao longo de todo o módulo de Desenvolvemento Socioafectivo levarase un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAIS:

A) AVALIACION DE CONTIDOS CONCEPTUAIS: Realizarase mediante probas teórico-práctica: 60% da cualificación do módulo.



As probas poderán ser escritas e/ou orais, en función da materia a avaliar e serán de diverso tipo: test, preguntas breves, de desenvolvemento, análise e resolución de casos prácticos, análise e comentario de artigos, de capítulos de libros de lectura recomendada, conclusións e reflexións sobre vídeos ou reportaxes visionados na aula, nos que os alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico. No caso de que se realice máis dunha proba por trimestre é requisito imprescindible obter unha nota media de 5 puntos entre elas, sendo a cualificación mínima para facer a media 4 puntos.

Si o alumno/a non se presentase á proba teórico-práctica, só se admitirá xustificante dun especialista médico por motivos de saúde que certifique a imposibilidade de asistir á proba.

É preciso subliñar que os criterios para avaliar as PROBAS TEORICO-PRACTICAS (escritas e/ou orais) serán os seguintes:

- ¿ Elaboración da totalidade dos apartados solicitados na proba.
- ¿ Organización, estrutura e coherencia das respostas.
- ¿ Os contidos desenvolvidos polo alumno/a axustáanse aos enunciados das preguntas.
- ¿ Capacidade de seleccionar actividades axeitadas ás idades e capacidades dos nenos e nenas
- ¿ Capacidade de resolución con criterio e rigurosidade dos supostos prácticos propostos
- ¿ Presentación, organización e lexibilidade da proba
- ¿ Emprego dunha linguaxe técnica e precisa.
- ¿ Capacidade de relacionar conceptos e capacidade de análise e síntese.
- ¿ Capacidade do alumno/a para relacionar o estudado, con todo aquilo comentado/visionado (video, DVD) na clase, é dicir, é significativo que non solo nos ciñamos aos apuntamentos e saibamos aplicar o que comentamos na clase á proba.

As datas das probas teórico-prácticas serán fixadas pola profesora unha vez establecido o calendario de avaliación polo centro.

No caso de que o alumno/a empregue medios fraudulentos para aprobar a proba escrita conlevará automaticamente o suspenso da mesma. Así mesmo, non se permitirá a entrada á proba teórico-práctica, unha vez que de comezo a realización da mesma.

B) AVALIACION DE CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (30% da cualificación do módulo): serán avaliados a través de traballos de investigación, deseño e proposta de actividades ou obradoiros lectura e análise de capítulos de libros recomendados pola profesora, etc... que se realizarán mediante actividades individuais e/ou en grupo: suporán un 30% da cualificación.

As actividades e/ou tarefas individuais e en grupo levaránse a cabo na aula e/ou fóra dela, e deberán ser entregados en tempo e forma acordado, sendo condición imprescindible para obter unha cualificación positiva no módulo.

Non se valorará a entrega de actividades ou traballos individuais ou en grupo en cuxo proceso se empregaran medios fraudulentos, conlevando o suspenso dos mesmos.

Na realización de traballos ou actividades en grupo na aula, ao compoñente que non asista, restaráselle puntuación da nota final do traballo por cada falta de asistencia.

Para a valoración das ACTIVIDADES INDIVIDUAIS se terán en conta os seguintes criterios específicos, elixidos segundo a temática da mesma, pola profesora:

- ¿ Estrutura e organización dos apartados da actividade
- ¿ Profundidade, coherencia, claridade expositiva e rigurosidade na proposta dos contidos presentados.
- ¿ Capacidade de selección, aplicación e axuste dos contidos teóricos traballados á práctica solicitada na tarefa
- ¿ Emprego de terminoloxía axeitada na redacción dos contidos elaborados.
- ¿ Elaboración de todos os apartados solicitados na actividade



- ¿ Ampliación dos contidos traballados mediante a aportación de referencias bibliográficas, páxinas web, videos e/ou outros recursos complementarios
- ¿ Orixinalidade, creatividade na organización, na proposta e/ou recursos da actividade.
- ¿ Viabilidade na práctica.
- ¿ Nivel de expresión escrita.
- ¿ Elección axeitada dos materiais e actividades, así como a adaptación ás idades e capacidades do neno e da nena
- ¿ Presentación de conclusións e sentido crítico
- ¿ Coidado da estética e presentación da actividade

No caso de que a actividade individual sexa a realización dunha sesión práctica ou se teña que expoñer na aula, a realización da mesma levarase a cabo sen lectura directa, valorándose tamén a capacidade de expresión verbal e o emprego dos termos técnicos estudados na clase, así como a importancia de ter unha comunicación verbal e non verbal axeitada para desenvolver o traballo diario cos nenos/as. No suposto caso de que o alumno/a non asistise á sesión práctica ou a exposición conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dita actividade.

Si nalgún trimestre non se realizara algunha das actividades (individual ou en grupo) a súa porcentaxe acumularíase á actividade realizada, ou ben engadiríase á proba teórico-práctica conforme ao criterio da docente.

Nas ACTIVIDADES EN GRUPO, ademais dos aspectos recollidos nas actividades individuais valorarase:

Autonomía do grupo para a búsqueda e selección da información.

Utilización de soportes TIC na presentación ou exposición da actividade.

Material aportado polo grupo

Presentación do obradoiro, se fose o caso, dende o punto de vista estético e organizativo.

Aplicación de propostas metodolóxicas axeitadas para a posta en práctica das tarefas ou se fose o caso obradoiros.

Funcionalidade dos rexistros de observación empregados para valorar a actividade e a súa adecuación a cada tramo de idade.

Repartimento das tarefas e a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo.

Implicación na execución da tarefa e aproveitamento do tempo que fai o alumno/a no desenvolvemento da mesma na aula.

Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento do traballo, así como na súa presentación ante os compañeiros, no caso de que o profesor así o requira.

Queda ao criterio do/da profesor/a cualificar aos distintos membros do grupo cunha nota diferente se estima que a súa implicación e aproveitamento foi insuficiente nalgún caso: ausencias continuas e sen xustificación, incumprimento das directrices aportadas polo docente, erros graves e reiterativos a pesar do asesoramento por parte do/da profesor/a, baixa ou nula implicación nas diferentes fases e apartados para a súa elaboración.

Se o grupo tivese que realizar unha EXPOSICION das actividades, farase según as seguintes consignas:

- ¿ A decisión sobre a parte que corresponde expoñer a cada un dos membros do grupo, será da docente inmediatamente antes da mesma.
- ¿ Deberán presentarse seguindo unha secuencia e orden previsto para cada tramo de idade.
- ¿ Axustadas á idade do neno/a solicitada na proba.
- ¿ Indicando se fose preciso os materiais necesarios para a súa posta en práctica.



- ¿ Aportación das actividades dos textos entregadas pola profesora e todas aquelas visionadas nos DVDs, videos de clase, así como as dos libros correspondentes a cada avaliación.
- ¿ Nivel de dominio, expresión oral e sultura dos contidos expostos, así como a capacidade de análise e síntesis da información aportada.
- ¿ Emprego de diferentes recursos e exemplos
- ¿ Expresión dos contidos, presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta na quenda de preguntas.
- ¿ Realización da exposición sen lectura directa
- ¿ A asistencia as exposicións é OBRIGATORIA para todos os alumnos/as e serán materia obrigatoria das probas teórico-prácticas de cada unha das avaliacións. No suposto caso de que o alumno/a non asistise ás exposicións conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dito traballo.

A profesora seleccionará os ítems pertinentes dos mencionados anteriormente para facer a valoración dos traballos individuais/grupo así como para as exposicións en función do tipo de actividade traballada.

C) AVALIACION DE CONTIDOS ACTITUDINAIS (10% da cualificación do módulo): Para estes contidos valorarase:

- ¿ Responsabilidade no traballo: puntualidade na aula, ou nas actividades realizadas fóra do centro, mostrar interese, aproveitamento do tempo na clase, constancia na execución das tarefas, escoita activa e actitude atenta durante a exposición da profesora, dos compañeiros ou outros profesionais. Aceptación e cumprimento das normas e as responsabilidades asignadas nas actividades da aula. Fai un uso axeitado do móbil na aula: só excepción por urxencia debidamente comunicada e permiso para uso académico.
- ¿ Iniciativa e autonomía: Argumenta as decisións e mostra seguridade na execución das actividades solicitadas, participa na clase e aporta novas ideas e propostas. Toma decisións e é autosuficiente ante a aparición de problemas ou falta de recursos.
- ¿ Metodoloxía ,orden e pulcritude: realiza e presenta os traballos con pulcritude, emprega os materiais da aula co debido coidado e contribúe a que estén en orden, aporta os apuntamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento das tarefas encomendadas pola docente na aula ou fóra dela.
- ¿ Participación do traballo en equipo: participa activamente no desenvolvemento de actividades e colabora con outras persoas do equipo de traballo facendo propostas e tomando a iniciativa, busca o consenso entre diferentes puntos de vista na toma de decisións.
- ¿ Habilidades sociais , comunicativas: dispoñe de habilidades para comunicarse co neno/a cun trato e atención axeitados, acepta os requirimentos da docente referente as súas actitudes e /ou conduta e as reorienta cando é pertinente, dirixese e resposta a profesora e aos compañeiros con respecto e de maneira axeitada. Respeita as diferenzas: móstrase cordial, tolerante coas ideas dos demais e coopera cos diferentes membros do grupo de traballo dos que teña que formar parte. Evita enfrontamentos cos compañeiros da clase.
- ¿ Dada a aplicación práctica do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 10% da cualificación final do módulo.

SERÁ NECESARIO PARA SUPERAR O MODULO UNHA PUNTUACIÓN MINIMA DE 5, TANTO NA PARTE CONCEPTUAL COMO NA PROCEDIMENTAL E ACTITUDINAL

O alumno/a para acadar a avaliación positiva e polo procedemento de avaliación continua deberá ter unha asistencia regular ás clases. Asemade, para poder practicar o sistema de avaliación continua o alumno/a deberá participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar e acadalos resultados de aprendizaxe nos mínimos estándar establecidos.

Será necesario alcanzar un mínimo (5 puntos) das cualificacións requiridas (tanto en conceptos, procedementos e actitudes) para superar o módulos. A nota obtida na proba final será a que quede reflectida, independentemente das notas parciais obtidas durante o curso, sempre baixo o criterio da docente. É preciso aprobar cada unha das avaliacións para superar o módulo.

O proceso de avaliación supoñerá o emprego dos seguintes instrumentos de avaliación:

- ¿ Cuestionarios, que faciliten a identificación dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas ao inicio del módulo.
- ¿ Escalas de estimación, para a avaliación das actividades individuais e/ou de grupo desenvolvidas ao longo das unidades didácticas.
- ¿ Escalas de estimación que avalíen a actitude participativa, o interese e a responsabilidade dos alumnos e das alumnas.
- ¿ Probas individuais escritas (ou orais), nas que figurarán cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento, casos prácticos, imáxes, fotografías nas que os/as alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico.

É preciso matizar que na práctica docente, levarase a cabo na aula actividades encamiñadas a clarificar, consolidar ou reforzar os contidos da unidade didáctica que se esté a traballar ou desenvolver. Estas actividades non teñen como finalidade cualificar ao alumno/a senon favorecer os aspectos anteriormente mencionados.

No caso de que o alumno ou alumna non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de carácter teórico-práctico para a súa recuperación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo ás características do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades de recuperación irán encamiñadas a reforzar e consolidar aspectos relacionados coa realización da proba escrita (dúbdas, orientacións sobre a temática do módulo) e de ser o caso, a elaboración de actividades, supostos prácticos e tarefas semellantes aos propostos durante o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña un número de faltas de asistencia non xustificadas perderá o dereito á avaliación continua.

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándosele a través da titora do grupo de xeito formal.

O/a alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na avaliación final nun único examen; Non obstante o-a alumno-a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua terá dúas partes, unha será de tipo teórico sobre todos os contidos do módulo.



A parte teórica poderá incluír cuestións de diferente tipo: de desenvolvemento, curtas, de resposta múltiple, de resposta dicotómica, etc), en relación ós contidos do módulo.

Na parte práctica deberá resolver todo o referente aos supostos prácticos relacionados coas unidades do módulo

Para alcanzar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes da proba, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

O contido e forma das probas serán diferentes das empregadas na avaliación ordinaria segundo o criterio da profesora.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A autoavaliación da práctica docente será o procedemento máis importante, contrastando a concreción da programación do módulo e valorando con senso autocrítico a coherencia e pertinencia da programación e das dinámicas da aula xeradas.

Tamén se reflexará, como nos esixe o Sistema de Calidade, un seguimento mensual da programación.

Por outro lado, someteremos a revisión a presente programación en equipo, tanto en equipo de ciclo como de Departamento; tendo en conta as aportacións e puntos de vista dos compañeiros/as; resaltando que outro profesor impartirá o mesmo módulo no réxime modular e procuraremos intercambiar impresións, materiais e chegar a acordos con el.

Finalmente, destacar a avaliación que se propiciará dende o alumnado, a través dunha enquisa anónima que se lles pasará ó fin do trimestre para coñecer as súas valoracións de cara a mellora da práctica docente.

En tódolos casos analizaremos os seguintes aspectos da programación:

- _ Respecto ós obxectivos: a súa adecuación e relación cos resultados de aprendizaxe e contidos.
- _ Sobre os contidos: a súa adecuación, a axeitada selección e secuenciación.
- _ As actividades: a súa coherencia respecto a obxectivos, contidos e metodoloxía.
- _ A metodoloxía: creación de dinámicas axeitadas de traballo, pertinencia dos recursos escollidos, adecuación dos agrupamentos propiciados e temporalización.
- _ Sobre a avaliación: instrumentos válidos respecto ós criterios de avaliación e contidos das unidades didácticas e o sistema de autoavaliación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna/o, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:



Cuestionario de avaliación inicial

Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.

Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.

Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.

Da experiencia profesional previa.

Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.

Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Esta avaliación inicial vese neste caso facilitada por este feito. Se ben, observarase igualmente calquera dato ou circunstancia que poda ser tida en conta na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumno-a/s; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- _ Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- _ Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben acadar.
- _ Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a.
- _ Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, o traballos das actividades propostas e a axuda que podan brindar outros compañeiros/as.
- _ Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do/a alumno/a.
- _ Realizar unha colocación máis favorecedora para o/a alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase. Neste senso, intentar na medida das posibilidades, outra colocación ou mobilidade do mobiliario das aulas.
- _ Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
- _ Flexibilizar, na medida do posible, de tempos necesarios para a realización das probas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración ós cativos e cativas, destinatarios ó fin da súa posible intervención laboral-profesional; así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da Metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.



Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

_ Puntualidade.

_ O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.

_ O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as, a través da escoita activa, a espera solicita nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.

_ Coidado do espazo e dos materiais na aula, procurando especialmente orden, limpeza, non alteración dos materiais. Pola sensibilidade do seu uso, merece destacar o coidado do material informático, usando segundo uns protocolos acordados: encendido e apagado de ordenadores, non modificación de fondos de pantalla, arquivos almacenados e programas informáticos, uso economizador das impresións, como algúns aspectos a destacar.

_ A procura dun aforro enerxético, a través fundamentalmente do apagado de luces na aula en momentos de recreo e ó final das sesións lectivas diarias, impresión limitada a certos traballos que o requiran (fomentando a entrega a través da Aula virtual) e optando se é posible por material reciclado nos obradoiros.

_ Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán), respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En colaboración con outros módulos realizaranse actividades complementarias e escolares tanto no centro como fóra do mesmo.

Participación en charlas relacionadas coa temática do módulo e calqueira outra actividade que poida xurdir ao longo do desenvolvemento do curso

10. Outros apartados

10.1) NP

NP